

**ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL**  
**Sesión do 22 de decembro de 2008**

**ASISTENTES:**

**Membros :**

D<sup>a</sup> Isaura Abelairas Rodríguez  
D. Francisco Xabier Alonso Pérez  
D. Xulio Calviño Rodríguez  
D. Carlos López Font  
D<sup>a</sup> Elena Maure Noia  
D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Xosé Méndez Piñeiro  
D. Santos Héctor Rodríguez Díaz

**NON ASISTEN:**

D. Abel Caballero Álvarez  
D. Santiago Domínguez Olveira  
D. José Manuel Mariño Mendoza

**Invitados:**

D<sup>a</sup> Raquel Díaz Vázquez  
D<sup>a</sup> María Jesús Lago Rey  
D<sup>a</sup> Laura López Atrio  
D. Angel Rivas González  
D. Xesús López Carreira  
D<sup>a</sup> Iolanda Veloso Ríos

Na Casa do Concello de Vigo, ás trece horas e corenta e tre minutos do día vinte e dous de decembro de dous mil oito e baixo a presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, Sr. Caballero Alvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Abelairas Rodríguez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión EXTRAORDINARIA E URXENTE de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Está tamén presente por invitación, o titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sr. Lorenzo Penela.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

**1(2065).- RATIFICACIÓN DA URXENCIA.** A Xunta de Goberno local ratifica a urxencia da sesión.

**2(2066).- REVISIÓN DE TARIFAS DO SERVICIO PÚBLICO REGULAR DO TRANSPORTE URBANO COLECTIVO DE VIAXEIROS PARA O ANO 2009. EXPTE. 75713/210.**

Examinadas as actuacións do expediente, e de acordo coa proposta da xefa do Servizo de Transportes, do 18.12..08, conformada polo concelleiro-delegado de Área e polo interventor xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

Aprobar a revisión de tarifas do servizo público regular de transporte urbano colectivo de viaxeiros en autobús de uso xeral da cidade de Vigo, solicitada pola empresa “VIGUESA DE TRANSPORTES, S.L.” para o ano 2009, sendo os prezos a aplicar có IVE incluído, de conformidade cós informes emitidos obrantes neste expediente:

- \* prezo billete..... 1,13 €
- \* prezo coche/qm..... 4.5770 €

- 2) Remitir o expediente á Dirección Xeral de Comercio da Xunta de Galicia para dar cumprimento ó disposto na normativa vixente en materia de Prezos autorizados.
- 3) Revisar os prezos correspondentes ós bono-buses aplicando as tarifas seguintes:

bono bus normal	0,77
bono bus estudante	0,74
bono bus pensionista I	gratuito
bono bus pensionista II	gratuito
bono bus universitario	0,57
bono bus persoas mobilidade reducida que utilicen cadeira de rodas e o seu acompañante	gratuito

- 4) A) Crear novos billetes subvencionados -bono-buses - para os seguintes colectivos :

#### PERSOAS QUE COBREN SUBSIDIO DE DESEMPREGO

##### Requisitos para a concesión:

- Solicitud de concesión da tarxeta bonobus.
- Fotocopia do D.N.I.
- Empadroamento na cidade .
- Fotocopia compulsada da Resolución do INEM pola que se lle concede o subsidio e a cuantía do mesmo.
- Fotocopia da tarxeta de demanda de emprego actualizada.
- Renovación da tarxeta de bonobus cada seis meses .

#### PERSOAS QUE COBREN RENDA ACTIVA DE INSERCIÓN

##### Requisitos para a concesión :

- Solicitud de concesión da tarxeta bobobus.
- Fotocopia do D.N.I.
- Empadroamento na cidade .
- Fotocopia compulsada da Resolución do INEM pola que se lle concede a renda.
- Fotocopia da demanda de emprego actualizada.
- Renovación da tarxeta de bonobus cada seis meses .

Prezo ..... 0'57 €

B) Establecer como requisito para a obtención e utilización do bono bus pensionista 1 e 2 , ademais dos xa fixados o seguinte : estar empadroado na cidade .

- Subvencionar no exercizo económico de 2009, a diferenza que se produza entre a tarifa aprobada e a tarifa dos bono-buses correspondentes ó viaxeiro habitual, estudante , pensionista I e II, as persoas con mobilidade reducida que precisen para os seus desplazamentos cadeira de rodas, así como para aquela persoa que os acompañe,persoas que cobren subsidio por desemprego e persoas que cobren renda activa de inserción , e subvencionar o bono-bus CUVI no 33% que lle corresponde, segundo o Convenio establecido coa Universidade de data 2 de novembro de 1995.
- Acordar de conformidade co disposto no artigo 62 do prego de Condicións que rixe a concesión a realización no ano 2009 dunha auditoria financeira realizada pola empresa auditora elixida polo Concello entre una terna de recoñecida solvencia presentada pola empresa de conformidade co disposto polos servicios economicos municipais ,debendo iniciarse a mesma no mes de xaneiro proximo.

### **3(2067).- REVISIÓN DE TARIFAS DE AUTO-TAXI DA CIDADE DE VIGO PARA O ANO 2009. EXPTE. 75578/210.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da xefa do Servizo de Transportes, do 3.12.08, conformada polo concelleiro-delegado de Área, que di o seguinte:

#### **1) TARIFAS VIXENTES**

*As tarifas de auto-taxi vixentes na cidade de Vigo son as aprobadas por Resolución do Director Xeral de Consumo e Comercio da Xunta de Galicia de data 28 de decembro de 2007.*

##### TARIFA 1: días laborábeis de 6,00 a 22.30 horas,

Tarifa mínima 1800m e/ou 5,10 min.....	2,92 euros
Km. Percorrido.....	0,80 euros
Hora de espera.....	16,18 euros
Suplemento aeroporto (ida).....	3,60 euros
Maletas, vultos análogos.....	0,44 euros
Suplemento Cotogrande.....	2,50 euros

##### TARIFA 2: domingos e festivos, 24 e 31 de decembro, sábados dende as 15.00 horas e servizo nocturno de 22,30 ás 6,00 horas)

Tarifa mínima (1.200 m e/ou 3,26 min.).....	2,92 euros
Km percorrido.....	0,85 euros
Hora de espera.....	16,81 euros
Suplemento aeroporto (ida).....	3,60 euros

Maletas, vultos análogos.....	0,44 euros
Suplemento Cotogrande.....	2,50 euros

## II) PROPOSTAS CONTIDAS NAS SOLICITUDES

- En data 29 de setembro de 2008, D. Laureano Herrera Moldes, presidente da Asociación Profesional Provincial de Autotaxis de Pontevedra, presenta solicitude de revisión de tarifas para o ano 2009. A solicitude formulada supón un incremento de 21% na tarifa mínima e dun 11% no suplemento do aeroporto mantendo as restantes tarifas con aumento dun céntimo no concepto de maleta.

### TARIFA 1: (Días laborables de 6.00 h a 22.00 h)

Tarifa mínima (1.800 m ou 5.10 min).....	3,55 €
Km percorrido.....	0,80 €
Hora de espera.....	16,18 €
Suplemento aeroporto.....	4,00 €
Suplemento Cotogrande.....	2,50 €
Maleta.....	0,45 €

### TARIFA 2: (Domingos e festivos; 24 e 31 de decembro; sábados dende as 15.00 h e servizos nocturnos de 22.00 h a 6.00 h)

Tarifa mínima (1.200 m ou 3.26 min).....	3,55 €
Km percorrido .....	0,85 €
Hora de espera .....	16,81 €
Suplemento aeroporto.....	4,00 €
Suplemento Cotogrande.....	2,50 €
Maleta.....	0,45 €
25 de decembro e 1 de xaneiro.....	2,50 €
(dende as 0,00 h ás 10,00 h)	

- En data 24 de setembro de 2008 foi presentada polo Presidente da Sociedade Cooperativa Galega de Auto-taxi e Gran turismo de Vigo e provincia de Pontevedra e da Asociación Provincial de Autopatronos do Taxi de Pontevedra solicitude de revisión de tarifas para o ano 2009 co seguinte contido. A solicitude formulada supón un incremento aproximado entre un 10% na tarifa 1 e dun 25% mais na tarifa 2, así como a adecuación do horario quedando establecido nas 22 horas.

### TARIFA 1: De aplicación nos días laborables, dende as 6,00 h da mañá ás 22,00 horas da noite

Servizo mínimo	
*(1800 mts de percorrido ó 5,10 min).....	3,22 €
Km percorrido.....	0,88 €
Hora espera.....	17,86 €
Suplemento aeroporto.....	3,97 €
Maletas, vultos análogos.....	0,49 €
Suplemento Cotogrande.....	2,76 €
24, 25 e 31 de decembro, e 1 de xaneiro	

TARIFA 2: De aplicación os días laborables entre as 22,00 horas e as 6,00 horas da mañá do día seguinte.

Domingos e festivos e os días 24 e 31 de decembro e sábados a partir das 15,00 horas.

Servizo mínimo( 1200 m. ou 3,26 min.).....	4,02 €
Km. Percorrido.....	1,10 €
Hora de espera.....	22,32 €
Suplemento aeroporto.....	3,97 €
Maletas, vultos análogos.....	0,49 €
Suplemento Cotogrande.....	2,76 €

24, 25 e 31 de decembro, e 1 de xaneiro

### III) INFORME

- A Xunta local de prezos e mercados e a Comisión informativa de Mobilidade e Seguridade en sesión celebrada en data 20 de decembro de 2004 e posteriormente a Xunta de Goberno Local en sesión celebrada en data 27 de decembro de 2004, na revisión de tarifas correspondente ao ano 2005, no punto 2º, adoptou o seguinte Acordo:

“ Que previos os estudos correspondentes establécese que nun prazo de dous anos a partir da revisión tarifaria correspondente ao ano 2006, se equiparen as tarifas da cidade ás correspondentes á media das grandes cidades galegas, entendendo por elas a Coruña, Lugo, Ourense, Pontevedra e Santiago de Compostela.”

- Examinadas as tarifas vixentes na Coruña, Lugo, Ourense, Pontevedra e Santiago de Compostela e obtida a media das mesmas, obtéñense os seguintes resultados:

#### TARIFA 1:

Km percorrido.....	0,83	° 7,5%
Hora de espera.....	16,77	° 6,7%
Maletas.....	0,45	° 0%

#### TARIFA 2:

Km percorrido.....	1,05	° 36 %
Hora de espera.....	28,56	° 69 %
Maletas.....	0,42	° 0 %

A Xunta Local de Prezos e Mercados celebrada en data 22 de decembro de 2005 acordou que nas próximas revisións se utilice o IPC de outubro a outubro, así como que se constituía unha comisión para a elaboración das tarifas.

- Á hora de emitir proposta de revisión de tarifas para o ano 2009 deben terse en conta as seguintes circunstancias:

As dúas sociedades representativas do sector solicitan distintas tarifas fundamentádoas en criterios distintos.

Si se ten en conta as tarifas correspondentes á media das cidades galegas, a chamada contía mínima ou baixada de bandeira non segue un criterio homoxéneo en todas as cidades pois nunhas fíxase unha con-

tía mínima que se cobra dende o momento en que se inicia o servizo; en outras cidades a contía mínima inclúe un percorrido e un tempo e non en todas as cidades a contía por este concepto son iguais; polo cal se considera que non se pode aplicar a media, propoñéndose para este concepto na tarifa 1 a aplicación do IPC de transportes (de conformidade co criterio seguido até a data) do período de outubro a outubro tal e como se acordou na Xunta Local de Prezos e Mercados que é dun 4,2.

Nos restantes conceptos correspondentes a tarifa 1 considérase que procede asimesmo a aplicación do citado IPC, co que se obterían unhas tarifas próximas ás solicitadas por ambas asociacións e á media das principais cidades galegas. Asimesmo considérase que o mesmo criterio debe aplicarse aos suplementos de ambas tarifas ao non existir en tódalas cidades galegas de referencia, conceptos homoxéneos.

Con respecto aos conceptos: contía mínima, Km percorrido e hora de espera, na tarifa 2 e aínda cando se produciu un notable acercamento á media das tarifas das restantes cidades galegas dende a adopción do acordo de equiparación, aínda se aprecia unha certa diferenza polo que ao obxecto de dar cumprimento ao citado acordo propónse para estes conceptos a aplicación do IPC interanual do mes de outubro da Comunidade Autónoma Galega, índice oficial que é dun 9,2% e que permite seguir o criterio mantido nas anteriores revisións tarifarias (aproximadamente un 9%).

Con respecto á aplicación da tarifa nocturna a partir das 22.00 horas, con excepción das cidades da Coruña e Ourense nas que o horario de aplicación é de 22,00 a 6,00 horas; en Santiago e Pontevedra aplícase de 23,00 a 7,00 horas e en Lugo de 00,00 a 7,00 horas, non considerando a existencia dun motivo obxectivo para modificar o horario de aplicación.

Polo cal as tarifas que se propoñen para o ano 2009 son as seguintes: aplicándose un 4,2% correspondente ao IPC de transporte de outubro a outubro na tarifa 1 e os suplementos e un 9,2% na tarifa 2; nos conceptos de contía mínima, Km percorrido e hora de espera.

Así mesmo, e de conformidade co escrito remitido polo Director da ITV, en relación coa verificación dos aparellos taxímetros, que se deriva da modificación tarifaria é necesario modificar o tempo mínimo na tarifa 1 e 2 para adaptalo ao RD 1596/82.

#### TARIFA 1 (Aplicábel días laborábeis de 6:00 a 22:30 horas)

Tarifa mínima (1800 m e/ou 320 S).....	3,04 €
Km percorrido.....	0,83 €
Hora de espera.....	16,86 €
Suplemento aeroporto.....	3,75 €
Suplemento Cotogrande.....	2,60 €
Maletas e vultos análogos.....	0,46 €

#### TARIFA 2 (Domingos e festivos, 24 e 31 de decembro. Sábados dende as 15:00 e servizo nocturno de 22:30 ás 6:00 horas).

Tarifa mínima (1200 m e/ou 218 S).....	3,18 €
Km percorrido.....	0,92 €
Hora de espera.....	18,35 €
Suplemento aeroporto.....	3,75 €
Suplemento Cotogrande.....	2,60 €
Maletas y vultos análogos.....	0,46 €

#### IV) TRAMITE DE AUDIENCIA

Concedido o preceptivo trámite de audiencia ás asociacións profesionais de empresarios e traballadores do sector e ás dos consumidores e usuarios, durante o prazo concedido ao efecto non foron presentadas alegacións.

En consecuencia e vistos os artigos 22 e 23 do vixente Regulamento nacional de servizos urbanos de transportes en automóviles lixeiros, Decreto 226/77 de 27 de agosto, Orde de 20 de setembro de 1977, Decreto 2695/77 de 28 de outubro, Orde de 26 de febreiro de 1993, Real Decreto 1634 de 1980, así como o Decreto da Xunta de Galicia 106/84 de 24 de maio, sométese á Xunta Local de prezos e mercados para a súa posterior remisión á Xunta de Goberno Local o seguinte:

#### PROPOSTA

1.- Aprobado a solicitude de revisión das tarifas dos autotaxis da cidade para o ano 2009, de conformidade co informe emitido, sendo os prezos máximos a aplicar, IVE incluído, os seguintes:

##### TARIFA 1 (Aplicábel días laborábeis de 6:00 a 22:30 horas)

Tarifa mínima (1800 m e/ou 5,19 min.).....	3,04 €
Km percorrido.....	0,83 €
Hora de espera.....	16,86 €
Suplemento aeroporto.....	3,75 €
Suplemento Cotogrande.....	2,60 €
Maletas e vultos análogos.....	0,46 €

##### TARIFA 2 (Domingos e festivos, 24 e 31 de decembro. Sábados dende as 15:00 e servizo nocturno de 22:30 ás 6:00 horas).

Tarifa mínima (1200 m e/ou 3,37 min.).....	3,18 €
Km percorrido.....	0,92 €
Hora de espera.....	18,35 €
Suplemento aeroporto.....	3,75 €
Suplemento Cotogrande.....	2,60 €
Maletas y vultos análogos.....	0,46 €

2.- Remitir o expediente á Dirección Xeral de Industria e Comercio da Xunta de Galicia para dar cumprimento ao disposto na vixente lexislación en materia de prezos autorizados.

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás trece horas e corenta e tres minutos. Como secretaria dou fé.

me.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA  
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

Isaura Abelairas Rodríguez.